

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**

C Compostela
Cultura

TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

CANCIÓNS DE AMOR E DE BERCE

VENRES 15 NOVEMBRO 2024

Auditorio de Galicia, 20.30 h

CICLO DE LIED

Simona Šaturová, Soprano

Ivan Klánský, Piano

UNO FORNISTAS

PROGRAMA

I

ANTONIN DVOŘÁK (1814-1904)

Cancións de amor op. 83 (selección)

JOSEF SUK (1874-1935)

Canción de amor op. 7

ALEXANDER VON ZEMPLINSKI

(1872-1942)

Cancións de vals op. 6 (selección)

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Arabesque en Do maior op. 18

CLAUDE DEBUSSY (1862-1918)

Noite de estrelas

Noite fermosa

Claro de lúa

II

KAROL SZYMANOWSKI

(1882-1937)

Tres cancións de berce op. 48

BOHUSLAV MARTINŮ

(1890-1959)

Canción de berce H232

FRÉDÉRIC CHOPIN (1810-1849)

Balada en fa menor op. 52

RICHARD STRAUSS (1864-1949)

Mañá! op. 27 núm. 4

A noite op. 39 núm. 3;

Serenata op. 17 núm. 2



Duración aproximada do concerto: 90 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

SIMONA ŠATUROVÁ

SOPRANO

Simona Šaturová naceu en Bratislava (Eslovaquia). Estudou canto no Conservatorio desa cidade e asistiu a clases maxistras, entre outras, da soprano Ileana Cortubas e de Magreet Honig en Ámsterdam. Nas últimas temporadas, destacan os seus traballos coa Orquestra Filharmónica de Viena e Herbert Blomstedt, Orquestra Sinfónica de Tokio, Filharmónica de Múnic con Krzysztof Urbanski, debutando no papel de Contessa en *As vodas de Figaro* nunha produción da triloxía Mozart-Da Ponte en La Monnaie, xunto ao rol de Donna Anna en *Don Giovanni* e *Missa solemnis* con Manfred Honeck en Pittsburgh.

Na temporada 2017-18 actuou, por vez primeira, nunha nova produción da Semper Oper (Konstanze), a versión de concerto de *Don Giovanni* (Donna Anna) na Elbphilharmonie, *Das Buch mit sieben Siegeln* de F. Schmidt baixo a batuta de Fabio Luisi en Kopenhagen, o *Requiem* de Verdi coa Sinfónica de Pittsburgh dirixida por Manfred Honeck e unha *Novena Sinfonía* de Beethoven

en Aninovo con Krzysztof Urbański en Philharmonie im Gasteig. Simona é invitada habitualmente no Théâtre de la Monnaie de Bruxelas. Ademais de ser Violetta (*Andrea Breth*, dir. Ādám Fischer) e Gilda (Robert Carsen, dir. Carlo Rizzi), interpretou os papeis de Ilia (*Idomeneo*), Sandrina (*La finta giardiniera*), Servilia (*Titus*), Ismene (*Mitridate*) e, máis recentemente, Celia (*Lucio Silla*).

Desde o seu aclamado éxito como Konstanze (*O rapto no serrallo*), tamén está estreitamente vinculada ao Aalto-Theatre de Essen e actúa como Elettra (*Idomeneo*) e Konstanze (*O rapto no serrallo*). Ademais de numerosas actuacións no Teatro Nacional de Praga, a soprano ten cantado no Teatro Colón de Bos Aires, o Théâtre du Châtelet de París, a Ópera de Montecarlo, a Ópera de Frankfurt e a sala de concertos Megaron de Atenas. O seu repertorio inclúe, así mesmo, os papeis de Lucia (*Lucia di Lammermoor*), Adina (*O elisir de amor*), Gilda (*Rigoletto*), Giulietta (*Capuletos e Montescos*), Donna Anna (*Don Giovanni*) ou Adele (*O morcego*).

Simona Šaturová tamén ten sona internacional como cantante de concertos e oratorios, participando invitada en Nova York, Dallas, Oslo, Detroit, Toronto, Granada, Estambul, Xapón, Israel e Venezuela, no Oregon Bach Festival de Eugene, o Festival Internazionale di Musica e Arte Sacra Roma, o Festival de Primavera de Viena ou o Festival de Música de Schleswig-Holstein.

Entre os directores cos que Simona ten traballado encóntranse Christoph Eschenbach (Orquestra de Filadelfia, Orquestra de París, NDR Sinfonieorchester), Manfred Honeck (Orquestra Sinfónica de Pittsburgh, Filharmónica de Oslo), Ádám Fischer (Orquestra Filharmónica de Londres, Orquestra do Século das Luces), Jiří Bělohlávek (Filharmónica Checa), Helmuth Rilling (Orquestra Filharmónica de Israel, Orquestra Sinfónica de Toronto), Ivan Fischer, Christopher Hogwood (Sinfónica de Múnic), Tomáš Netopil (Orquestra da Academia Nacional de Santa Cecilia), Philippe Herreweghe (Orquestra dos Campos Elíseos) e Sir Neville Marriner, Leopold Hager, Sylvain Cambreling, Gennadij Rožděstvenskij, John Fiore, Kent Nagano, Rafael Frühbeck de Burgos, Rolf Beck, Martin Haselböck, entre outros.

Simona Šaturová ten unha relación excepcional coa música de Mozart: «A súa música sempre foi comigo. A súa *Misa en do menor* foi unha obra especialmente importante para min. Téñoa cantado máis de 50 veces en todo o mundo». En 2009 interpretou a súa obra favorita na Capela Sixtina como invitada do Papa Benedicto. En temporadas pasadas, cantouna en Baltimore baixo a batuta de Masaaki Suzuki e en Berlín con Jörg-Peter Weigle. Outros compromisos levárona a Pittsburgh con Manfred Honeck (*Novena Sinfonía* de Beethoven) e a Praga (*Te Deum* de Braunfels) onde tamén cantou a *Segunda Sinfonía* de Mahler con Jiří Bělohlávek e Bernarda Fink.

Ten participado en gravacións para Supraphon: 'Dúos moravos' de Dvořák (2018), 'Ariane' de Martinů (2016), para hänsler classic, Classico e para Carus Verlag e Sony/BMG. En 2009, o selo Orfeo publicou a súa primeira gravación en solitario coa NDR Radiophilharmonie titulada 'Haydn Arias'. Este CD foi cualificado como «*Editor's Choice*» pola revista Gramophone. O seu disco 'Gloria' inclúe música de Advento e Nadal, entre a que destaca a *Canción de berce da Virxe de Tarquinio Merula*, enmarcada pola composición *Ad Te Domine*

de Zbyněk Matějů. A *Sinfonía núm. 2* de Mahlerovy coa Orquestra de Filadelfia e Christoph Eschenbach foi galardoada co Supersonic Award e co Premio da crítica discográfica alemá. O seu CD 'Decade' inclúe arias de W. A. Mozart e J. Mysliveček con varias gravacións en primicia mundial.

Simona recibiu o Premio da Fundación Walter e Charlotte Hamel no Festival de Música de Schleswig-Holstein en 2007 e o Premio Thalia á mellor interpretación vocal do ano 2001.

IVAN KLÁNSKÝ

PIANO

Ivan Klánský, un dos pianistas checos máis importantes, naceu en Praga en 1948. Alí comezou os seus estudos, que finalizou na Escola Superior de Música, nas clases de Valentina Kameníková e František Rauch. Tras gañar o Primeiro Premio no concurso de Bolzano en 1967, emprendeu unha brillante carreira coroada por grandes éxitos artísticos e galardóns en concursos internacionais como os de Nápoles e Leipzig en 1968, Varsovia e Barcelona en 1970 e o Segundo Premio no Concurso Internacional de Piano de Santander en 1976.

A súa carreira como solista foi fulgurante, ofrecendo recitais nas mellores salas de Europa, Estados Unidos, América Latina, Asia e África. En 1981 foi nomeado solista da Orquestra Filharmónica Checa. É membro do famoso Trío Guarneri de Praga, que mantén viva a gran tradición da música de cámara checa. Ten realizado gravacións con compañías checas e estranxeiras, tanto como solista como membro de grupos de música de cámara.

Desde 1995 é presidente da Sociedade Chopin da República Checa. Desde 1996 dirixe o Departamento de Piano da Academia de Música de Praga e en 2018 foi elixido decano da mesma.

NOTAS AO PROGRAMA

CANCIÓNS DE AMOR E DE BERCE

Cancións de amor e de berce é o título deste novo recital de lied organizado pola asociación Amigos da Ópera de Santiago de Compostela que presenta unha cuidada selección de obras do xénero ademais dalgunhas pequenas pezas para piano só.

Ao longo do século XIX os diversos cambios políticos e socioeconómicos provocaron tamén transformacións no campo musical. A Revolución Francesa iniciada en 1789 trouxo consigo un novo orde social que situou á burguesía como clase dominante. Así mesmo, a revolución industrial, ademais de provocar inxentes movementos de persoas do campo á cidade, fixo medrar o nivel económico da nova clase social que buscou distintas formas de gozar do seu tempo de ocio, entre as que se situou a música. Por unha banda, a asistencia aos concertos públicos e ás producións de ópera converteuse nun acto social; por outra, a música comezou a formar parte intrínseca dos fogares burgueses, nos que non faltaba un piano e nos que a miúdo se organizaban veladas de

música de cámara e doutros xéneros de pequeno formato como o lied. A nivel político tamén se produciron importantes cambios: as sucesivas Guerras Napoleónicas modificaron algunhas das antigas fronteiras, outras zonas comezaron a ter conciencia de país e acabarían consolidándose como estados –como foi o caso de Italia e Alemaña– e unha ola de nacionalismo percorreu as distintas rexións de Europa, desenvolvéndose distintos movementos políticos e culturais ao seu carón. É neste contexto no que debemos situar os dous xéneros que escoitaremos no concerto: o *lied* e as pezas de carácter, ambos intimamente ligadas ao auxe da burguesía e á reivindicación da identidade nacional.

O século XIX foi testemuña da aparición da canción de concerto con piano nas distintas áreas culturais europeas, nas que variou a súa denominación: *lied*, *melodie*, *romanza*, *canción*, *art song* ou *melodía galega* no noso ámbito xeográfico. Baixo este amplo abano de nomes, o formato máis habitual era unha pequena composición

para voz e piano (posteriormente tamén xurdirían algúns *lieder* con orquestra) baseada nun poema dalgún autor da propia cultura e na lingua vernácula. Inicialmente, eran composicións sinxelas e de forma normalmente estrófica, onde a música xogaba un papel subsidiario e que estaban destinadas á chamada *Hausmusik*, é dicir á música do fogar e á práctica *amateur*. Pouco a pouco o xénero foi consolidándose e facéndose cada vez máis complexo con formas máis libres a nivel musical (como a *Durchkomponiert*) e elaborados papeis para o piano. Tamén foi frecuente o agrupamento de varias cancións en ciclos que compartían temática ou que mesmo contaban unha historia, considerándose o primeiro a colección *An die ferne Geliebte* de L. v. Beethoven.

En canto ao piano, mellora as súas características e convértese no instrumento romántico por excelencia por varias causas entre as que destacamos a súa versatilidade para a redución de partituras e fins didácticos, as súas posibilidades expresivas e dinámicas, a autosuficiencia para a interpretación a solo, o aumento da fabricación en serie que supuxo unha baixada de prezos ou a súa consideración como instrumento de salón e moble burgués. Seguiron compoñéndose obras para o instru-

mento dentro de vellos xéneros como sonatas ou concertos, pero tamén se desenvolveu toda unha literatura de pequenas formas coñecidas como pezas de carácter (nocturnos, *impromptu*, *berceuse*), danzas estilizadas propias ligadas ao folclore de cada zona (mazurcas, polonesas, vales...) e xéneros pedagóxicos como estudos e exercicios.

En primeiro lugar deleitarémonos cunha selección da colección de oito cancións *Pisne milostné* op. 83 (*Cancións de amor*) de Antonin Dvořák (1814-1904), o autor máis coñecido do nacionalismo checo. O seu estilo é unha especie de “romanticismo exótico” no que as influencias de Beethoven, Schubert ou Brahms se mesturan con elementos nacionalistas nas súas melodías e harmonías. Esta colección de cancións foi composta en 1888 sobre poemas de Gustav Pflieger Moravsky e están escritas en checo. A continuación atopamos *Píseň lásky* op. 7 (*Canción de amor*) de Josef Suk (1874-1935), un compositor moi ligado á figura de Dvořák no profesional e no persoal, xa que foi un dos seus discípulos ademais do seu xenro. A obra é a primeira dun grupo de seis pezas escritas para piano só entre os anos 1891 e 1893.

Seguidamente, escoitaremos algunhas das 6 *Walzer-Gesänge* op. 6 (*Cancións de valse*) de Alexander von Zemlinsky (1872-1942), autor nado en Viena e considerado ponte entre a música de Strauss e Mahler e a da Segunda Escola de Viena liderada por Schönberg, quen sería o seu discípulo e cuñado. As súas primeiras obras chamaron a atención de Brahms e o seu estilo caracterizouse por explorar os límites do sistema tonal, sen saírse do mesmo. As cancións que hoxe forman parte do programa, foron compostas en 1898 e empregan textos en alemán de Ferdinand Gregorivius.

Volvemos un pouco atrás no tempo co *Arabesque*, op. 18 de Robert Schumann (1810-1856), un dos grandes autores do Romanticismo, que dedicou gran parte da carreira compositiva ao seu instrumento, o piano (de feito ata 1840 non escribe para ningún outro instrumento nin formación nun claro caso de especialización compositiva tan típica da época). A palabra arabesco ten unha dobre connotación como ornamento, normalmente con contornos florais ou animais, e tamén como pase de danza. Esta breve peza presenta unha especie de forma rondó, onde un tema recorrente aparece intercalado con outros (dando lugar a unha estrutura A-B-A-C-A) e

foi escrito en 1839, nun momento vital difícil, á espera de poder casar coa súa namorada, a pianista e compositora Clara Wieck.

De Alemaña viaxamos ata o impresionismo francés da man de Claude Debussy (1862-1918), unha personalidade “rompedora” e transgresora que transformou a composición musical no tránsito do século XIX ao XX. Deste autor escoitaremos dúas cancións e unha célebre obra para piano só. *Nuit d'étoiles* (*Noite de estrelas*, 1880) é o seu primeiro traballo publicado, trátase dunha canción para voz e piano (*melodie*) baseada nun poema de Théodore de Banville sobre a nostalgia dos amores mortos. A peza esta dedicada a Moreau-Sainti, en cuxas clases de canto Claude Debussy era pianista acompañante. *Beaus soir* (*Noite fermosa*) foi composta tamén no mesmo ano que a anterior, pero posteriormente revisada entre 1890 e 1891 e pon en música un poema de Paul Bourget. Pecha o famosísimo “Claro de luna” pertencente á súa *Suite Bergamasque* popularizada grazas a distintas películas e anuncios televisivos. Curiosamente, é unha das pezas máis coñecidas e reproducidas do autor, porén Debussy renegaba un pouco dela, xa que era unha obra puramente romántica dos seus anos

de xuventude e veuse obrigado a publicala por motivos económicos nun momento moito máis revolucionario da súa carreira.

De seguido, *Tres cancións de berce* op. 48 de Karol Szymanowski (1882-1937), considerado o principal renovador da escena compositiva polaca no século XX e o responsable da súa apertura ás vangardas. Fundou xunto a Fitelberg, Rozychi e Szeluto o grupo Nova Polonia apoiado por pianistas como Arthur Rubinstein e Heinrich Neuhaus, e o violinista Paul Kochanski. Na súa produción podemos distinguir tres períodos: romántico, con influencias de Wagner, Richard Strauss e Max Reger; impresionista, no que se percibe a pegada de Scriabin, Debussy e diversas influencias das súas viaxes a Italia, Sicilia, Exipto e o norte de África; e por último, unha etapa popular, a partir de 1920, na que volta ás fontes nacionais e ao folclore. É nesta última na que situamos as *Cancións op. 48*, compostas en 1922 sobre textos de Jaroslaw Iwaszkiewicz.

De novo volvemos á actual república Checa con Bohuslav Martinú (1890-1959), natural de Bohemia e considerado o cuarto dos compositores do seu país despois de Smetana, Dvořák e Janáček. Segundo Tranchefort foron

catro as súas grandes influencias: o folclore checo, a revolución debussyista; o madrigal inglés renacentista e o concerto *grosso* barroco. Josef Suk, quen tamén forma parte do programa, foi un dos seus profesores antes de marchar a París a formarse. Precisamente en Francia escribe en 1932 a *Ukolebavka* H232b (*Canción de berce*) para voz e piano que forma parte de *Dvě písně na texty negerské poesie* (*Dúas cancións baseadas en textos da poesía negra*) con poemas traducidos ao checo.

Doutro compositor case exclusivamente pianístico, Frédéric Chopin, a *Balada núm. 4 en fa menor* op. 52. O autor polaco foi xunto a Clara Schumann un dos primeiros en aplicar o termo balada a unha peza instrumental, na que serán evidentes porén as influencias da balada narrativa polaca. Chopin compuxo catro obras deste xénero e esta última foi escrita en 1842 e dedicada á baronesa Rothschild. Presenta unha estrutura musical complexa, cunha introdución nos compases iniciais que dará paso ao primeiro tema, un valse lento que será sometido a diversas variacións ao longo da peza; e un segundo tema de carácter pastoril que semella unha barcarola. Tras diversos desenvolvementos a obra remata nunha coda brillante e moi virtuosa.

Finaliza o programa con Richard Strauss (1864-1949), autor posromántico que ademais de compositor foi un dos grandes directores de orquestra da primeira metade do século XX. Os seus primeiros pasos musicais foron da man dos seus pais e ao contrario que outros autores o máis radical da súa obra está nos inicios da súa traxectoria, volvendo logo a un romanticismo máis conservador. A primeira obra é *Morgen!* op. 27 núm. 4 (*Mañá*), que forma parte dunha colección que o compositor escribiu en 1894 como agasallo de voda para a súa muller Pauline Strauss- De Ahne. Trátase dunha das cancións máis coñecidas do autor e o seu texto é de John Henry Mackay. Composta doce anos antes, *Die Nacht* op. 10 núm. 3 (*A noite*) emprega un texto de Hermann von Glim zu Rosenegg no que a amada pide ao seu namorado que unan as súas almas para que a noite non o leve como ao resto das cousas belas que a escuridade cubre. En derradeiro lugar, *Ständchen* op. 17, núm. 2, (*Serenata*) tamén de temática amorosa e sobre un texto de Adolf Friedrich von Schack.

Carme Tubío Barreira

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

**PRÓXIMO CONCERTO
CINEUROPA**

XOVES 21 NOVEMBRO

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Timothy Brock, director

· *Steamboat Bill, Jr. (O heroe do río)*

Directores do filme: Buster Keaton e Charles Reisner (EUA, 1928)

Música: Timothy Brock (2003)

